

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 09.02.2017 Hora: 16:00

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 9 de febreiro de 2017, ás 16.00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 2704 (10/POC-000360)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas concretas que está a aplicar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso 2016-2017 incluídas no I Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.2 2745 (10/POC-000383)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a situación do sector editorial galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.3 2791 (10/POC-000402)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que declara nulos de pleno dereito varios artigos da Orde do 10 de xuño de 2014 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o curso académico 2014/15, entre o persoal docente pertencente aos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, ao persoal opositor do ano 2014, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.4 2799 (10/POC-000405)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 5 máis
Sobre o desenvolvemento do Plan Proxecta no curso 2016-2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.5 3294 (10/POC-000545)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da repercusión da oferta cultural promovida pola Axencia Galega das Industrias Culturais, a través das súas redes de distribución de espectáculos, en colaboración cos concellos e diversas entidades dese

ámbito

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 54, do 27.01.2017

- 1.6 3476 (10/POC-000569)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
 Sobre as previsións do Goberno galego respecto do arranxo dos problemas de climatización existentes no Museo das Peregrinacións e de Santiago, así como a ampliación do seu cadro de persoal
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 54, do 27.01.2017
- 1.7 3724 (10/POC-000613)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
 Sobre as medidas para preservar o castro de Montealegre (Domaio, Moaña)
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 2175 (10/PNC-000227)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
 Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para a prestación do servizo de orientación escolar no Colexio de Educación Infantil e Primaria de Escarabote, en Boiro, segundo a normativa vixente
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 32, do 21.12.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

Moisés Blanco Paradelo

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Martín Fernández Prado

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 09.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 09.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 2704(10/POC-000360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas concretas que está a aplicar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso 2016-2017 incluídas no I Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:22
Nº Rexistro: 2704
Data envío: 29/12/2016 10:22:52.899

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A Consellaría de Educación, da man da Secretaría Xeral de Igualdade, aprobou en setembro de 2016 o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos no que se inclúen un programa de medidas e accións encamiñadas a “promover a construción dun novo modelo formativo” e unha sociedade “libre de prexuízos e estereotipos” a través da coeducación.

O Plan componse de 6 eixos que marcan as liñas de actuación e 83 medidas para levalos a cabo nun período de catro anos (2016-2020) con recursos propios da Consellaría de Educación, segundo recolle o propio documento.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1. Que medidas concretas está a implementar a Consellaría de Educación no curso 2016-2017?
2. Que actividades se dirixen ao profesorado e cales ao alumnado?
3. Con que materiais contan os centros?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:22
Nº Rexistro: 2704
Data envío: 29/12/2016 10:22:52.899

4. Con que Orzamento conta a Consellaría para financiar o Plan?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ana Belén Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2016 10:22:08

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2016 10:22:13

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2016 10:22:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2016 10:22:20

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2016 10:22:25



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:22
Nº Rexistro: 2704

Data envío: 29/12/2016 10:22:52.899

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2016 10:22:29

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 09.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 2745(10/POC-000383)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis
Manuel

Sobre a situación do sector editorial galego

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Nos últimos trinta anos o sector editorial galego creceu de xeito paulatino pasando dos 187 títulos en 1980 aos 2.544 de 2010. Pero esta evolución positiva cambiou drasticamente dende 2009, comezando un descenso na edición que aínda continúa e que pon en grave risco a viabilidade económica do sector.

Así o pon en evidencia o Consello da Cultura Galega que acaba de facer publico, a través do Observatorio da Cultura Galega, o informe sobre o libro e a edición en Galicia no quinquenio 2011-2015, acadando conclusións moi preocupantes para este sector vital da cultura e das industrias culturais do noso país.

Segundo os datos presentados polo Observatorio da Cultura Galga, en 2015 editáronse en Galicia un total de 2.266 libros, 338 menos que en 2014, un comportamento contrario ao de España onde a edición continúa aumentando. En cambio en Galicia, o descenso editorial foi unha constante no último quinquenio sufrindo un decrecemento do 24,6 % entre 2011 e 2015.

E dentro desta caída xeneralizada, a edición de libros publicados en galego descendeu claramente o que contrasta coa suba dos publicados en éuscaro e catalán.

A caída do número de libros editados en galego é realmente preocupante. Entre 2008 e 2015 a publicación de libros en lingua galega descendeu un 43,8 %, cunha perda de 1.000 títulos.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Da mesma maneira descendem o número de traducións, tanto do galego a outras linguas como as traducións ao galego.

Os datos deste informe do Observatorio da Cultura Galega poñen en evidencia unha situación francamente preocupante para un sector que foi declarado como estratéxico pola Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia. Unha situación negativa e de decrecemento que non se debe unicamente a situación económica, senón as políticas levadas a cabo polos sucesivos gobernos do presidente Feijoo e que o Grupo Parlamentario Socialista puxemos en evidencia en múltiples ocasións.

Así, para comprender esta situación negativa do sector editorial galego non pode obviarse a forte redución das axudas e subvencións públicas para o sector -un 75 % menos nos últimos anos-, a absoluta carencia de campañas de estímulo á lectura, o fortísimo descenso de axudas as bibliotecas públicas e a falta de apoio ás librerías, entre outros elementos.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Como valora a Xunta de Galicia a situación do sector editorial galego?
- 2.ª) Ten previsto establecer algunha medida para a tallar esta situación de descenso continuado dende 2009?
- 3.ª) Como valora a Xunta de Galicia o desenvolvemento que está facer da Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia?
- 4.ª) Ten previsto aumentar as axudas e subvención destinadas ao sector editorial galego e en especial as destinadas ao apoio á publicación en lingua galega?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2016
Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 16:52
Nº Rexistro: 2745
Data envío: 29/12/2016 16:52:39.043

 Grupo Parlamentario



Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/12/2016 16:51:35

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 29/12/2016 16:51:44

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 09.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 2791(10/POC-000402)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que declara nulos de pleno dereito varios artigos da Orde do 10 de xuño de 2014 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o curso académico 2014/15, entre o persoal docente pertencente aos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, ao persoal opositor do ano 2014, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Recentemente o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de declarar a nulidade de pleno dereito de varios artigos da Orde do 10 de xuño de 2014 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o curso académico 2014/15, entre o persoal docente pertencente aos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na comunidade autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, ao persoal opositor do ano 2014, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

En concreto, decláranse nulos os seguintes:

- Base terceira, apartado segundo: O profesorado con destino definitivo do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de música poderá, con carácter excepcional, solicitar prazas provisionais para o curso académico 2014/15 dos conservatorios profesionais e superiores de música, sempre que estea en posesión de titulación concordante
- Base cuarta, letra e): O persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de música, poderá solicitar prazas dunha especialidade dos conservatorios de música, sempre que estea en posesión da titulación concordante e o aleguen na instancia.



Grupo Parlamentario

- Base vixésimo primeira: Adxudicación de prazas dos conservatorios de música ao profesorado da especialidade de música do corpo de profesores de ensino secundario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Adxudicadas as prazas provisionais ao persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de música e artes escénicas, poderán adxudicarse as prazas que continúen vacantes ao profesorado de ensino secundario, da especialidade de música, que reúnan o requisito específico de titulación, nun número máximo igual ao de persoal docente do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de música, que en virtude do número de vacantes non poida obter praza nun instituto de educación secundaria ou nun centro público integrado.

- Disposición adicional primeira: O profesorado interino do corpo de profesores de música e artes escénicas adxudicarase inmediatamente despois da adxudicación dos funcionarios de carreira da especialidade de música do corpo de profesores de ensino secundario.

Como se comproba, disposicións que afectan directamente ao profesorado do corpo de profesores de música e artes escénicas e nas que o TSXG aprecia desviación de poder formal por ter empregado unha potestade regulatoria para unha finalidade allea ao seu fundamento.

Aínda que se puidera valorar a oportunidade de permitir que profesorado de educación secundaria en expectativa de destino da especialidade de música no que concorra a titulación concordante puidese obter destino provisional nun conservatorio de música, pola continxencia dun exceso de persoal funcionario, resulta rechamante que esa posibilidade se dea a profesorado de secundaria da especialidade de música con destino definitivo. Resulta difícil non pensar que se trata dunha posibilidade *ad personam*.

Ante esta situación, fórmulanse as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi o motivo polo que se introduciu a posibilidade, agora declarada nula, de que o profesorado de educación secundaria da especialidade de música con destino definitivo puidese obter destino provisional nos conservatorios de música desta Comunidade Autónoma?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2791
Data envío: 30/12/2016 14:02:03.131



 Grupo Parlamentario

2ª) Cantos profesores e profesoras de educación secundaria da especialidade de música con destino definitivo e non desprazados por falta de horario obtiveron destino provisional facendo uso da posibilidade declarada nula polo TSXG?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Que valoración se fai dende a Consellería da dita sentenza?

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 30/12/2016 13:55:32

Maria de la Concepci3n Burgo L3pez na data 30/12/2016 13:55:47

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 09.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 2799(10/POC-000405)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 5 máis

Sobre o desenvolvemento do Plan Proxecta no curso 2016-2017

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2799
Data envío: 30/12/2016 14:27:05.703**

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Carlos E. López Crespo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

Trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa e favorecer a innovación nos propios centros a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo, cooperativo e en rede, do alumnado e do profesorado implicado. Para iso, un dos principais obxectivos deste plan é promover a realización de proxectos interdisciplinarios que poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, tanto para o propio centro en que se orixinan como para o resto da comunidade educativa galega.

Por medio de resolución do 6 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, establecéronse as bases para a participación no Plan Proxecta dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da consellería durante o curso escolar 2016/17.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cómo se está a desenvolver o Plan Proxecta no curso 2016-2017?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 30/12/2016 14:21:06

Moisés Blanco Paradelo na data 30/12/2016 14:21:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2799**
Data envío: 30/12/2016 14:27:05.703

Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2016 14:21:20

Martín Fernández Prado na data 30/12/2016 14:21:29

Carlos Enrique López Crespo na data 30/12/2016 14:21:36

Carlos Gómez Salgado na data 30/12/2016 14:21:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 09.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 3294(10/POC-000545)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da repercusión da oferta cultural promovida pola Axencia Galega das Industrias Culturais, a través das súas redes de distribución de espectáculos, en colaboración cos concellos e diversas entidades dese ámbito

Publicación da iniciativa, 54, 27.01.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 13:19
Nº Rexistro: 3294
Data envío: 13/01/2017 13:19:01.347**

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Carlos E. López Crespo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Un dos obxectivos fundamentais da Xunta de Galicia no ámbito cultural ten que ser garantir o acceso cidadán a unha oferta cultural de calidade en Galicia que sexa, ademais, o máis accesible, desestacionalizada e diversa posible.

Neste sentido, unha das canles máis estables para a distribución e a exhibición da produción cultural galega nos ámbitos das artes escénicas e da música na nosa terra é a constituída pola Rede Galega de Teatros e Auditorios, pola Rede Galega de Música ao Vivo e pola Rede Galega de Salas. Tres circuitos, coordinados pola Agadic, a través dos que se desenvolve ano tras ano unha ampla programación musical e escénica conxunta en concellos de toda a xeografía galega; programación á que se unen, ademais, outros diversos programas que contribúen tamén a mellorar a oferta cultural en rede que se desenvolve ao longo dos doce meses do ano no noso territorio.

Estas tres redes de distribución de espectáculos escénicos e musicais da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) desenvolveron unha abondosa actividade ao longo de 2016, mesmo mellorando os datos do ano anterior.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego da repercusión da oferta cultural en rede promovida pola Axencia Galega das Industrias Culturais en colaboración con concellos e entidades culturais diversas de toda Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 13/01/2017 13:14:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 13:19
Nº Rexistro: 3294**
Data envío: 13/01/2017 13:19:01.347

Moisés Blanco Paradelo na data 13/01/2017 13:14:16

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2017 13:14:24

Martín Fernández Prado na data 13/01/2017 13:14:33

Carlos Enrique López Crespo na data 13/01/2017 13:14:43

Carlos Gómez Salgado na data 13/01/2017 13:14:52

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 09.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.6 3476(10/POC-000569)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do arranxo dos problemas de climatización existentes no Museo das Peregrinacións e de Santiago, así como a ampliación do seu cadro de persoal

Publicación da iniciativa, 54, 27.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Comisión**, sobre a situación do Museo das Peregrinacións e de Santiago.

O Museo das Peregrinacións e de Santiago é un referente para a capital como para toda Galicia, tanto polo seu contido (pezas moi antigas que precisan dunhas determinadas condicións ambientais para a súa correcta conservación) como pola súa importancia en canto a dar a coñecer a historia do Camiño de Santiago e a súa repercusión na propia historia de Galicia.

Hai apenas un ano que o citado museo mudou o seu emprazamento dende as dependencias na rúa de San Miguel ao antigo e rehabilitado edificio do Banco de España, na Praza de Praterías da cidade de Compostela. Sen embargo, co traslado non se cubriron as deficiencias que se viñan denunciando.

De feito, nas novas instalacións, dun tamaño moito maior, súmanse problemas como a carencia de persoal suficiente para atendelas, así como problemas de climatización.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Ten pensado o Goberno galego solucionar os problemas de climatización que afectan ao Museo?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 18:02
Nº Rexistro: 3476
Data envío: 16/01/2017 18:02:46.563



2.ª) Van aumentar o cadro de persoal para que o Museo reciba a atención necesaria?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 16/01/2017 18:01:15

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/01/2017 18:01:25

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 09.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.7 3724(10/POC-000613)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas para preservar o castro de Montealegre
(Domaio, Moaña)

Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:22
Nº Rexistro: 3724
Data envío: 19/01/2017 10:22:32.917

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á adopción de medidas demandadas polo Pleno da Corporación Municipal de Moaña para preservar o Castro de Montealegre (Domaio).

É unha realidade que a Cultura Castrexa, entendida como conxunto de comportamentos técnicos, sociais, artísticos, económicos e relixiosos que caracterizan unha sociedade humana concreta, supón a etapa da protohistoria do que hoxe é Galiza. Son moitas as manifestacións desta cultura que podemos atopar ao longo do noso territorio e mesmo en zonas do norte de Portugal e oeste de Asturias. Polo que a súa conservación e estudo, debería ser un compromiso das administración para poder avanzar no coñecemento do que hoxe somos.

A comarca do Morrazo conta con varios asentamentos desta cultura, sendo un referente o Castro de Montealegre-Domaio, non só porque foi un dos primeiros escavados e publicados cientificamente en Galiza, senón tamén pola súa tipoloxía, pola súa situación xeográfica, polos seus petróglifos, polos achados e, moi especialmente, pola conservación excepcional dalgún dos restos mobles atopados.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:22
Nº Rexistro: 3724

Data envío: 19/01/2017 10:22:32.917

As novas obras que se están a executar pola Axencia Galega de Infraestruturas no desdoblamento do Corredor do Morrazo, en concreto no subtreito-1, e que afectan de cheo ao Castro, de Montealegre están a xerar un gran descontento entre a veciñanza de Moaña. Unha situación moi similar a das obras de construción do Corredor onde a Administración rexeitou a proposta da corporación local e de diversos colectivos socias para que o trazados desprazara cara o norte para que non discurrira por debaixo do Castro. Agora, reiteradamente veñen de ser requiridas as correspondentes aclaracións a Axencia Galega de Infraestruturas por parte do goberno municipal de Moaña. E a AXI informa que todas e cada unha das accións que se están a levar a cabo contan co beneplácito e control por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Algo, cando menos sorprendente, xa que as actuacións previstas nese punto implican a construción dun segundo falso-túnel e a desaparición da parte do Castro que supón o acceso ao mesmo pola zona sur.

Para os veciños e veciñas de Moaña resulta intolerable que os criterios do trazado troncen un poboado destas características e con toda a legalidade se poida desbaratar un dos bens de máis valor do noso patrimonio cultural. Dando constancia da súa importancia os numerosos obxectos que se atoparon durante as diferentes escavacións realizadas. Como pobo implicado na protección do noso patrimonio cultural esiximos que as actuacións que se leven a cabo no Castro só deben ir encamiñadas a súa catalogación e conservación e, ademais, deben rematar coa posta en valor do mesmo para o uso gozo dos veciños e veciñas.

Estes foron algúns dos argumentos expostos no Pleno do 25 de novembro de 2016 do concello de Moaña onde se lle solicitaba a Dirección Xeral de Patrimonio:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:22
Nº Rexistro: 3724
Data envío: 19/01/2017 10:22:32.917

Primeiro: que se facilite ao concello de Moaña todos os informes elaborados dende a Dirección Xeral de Patrimonio con respecto ás obras que se están a desenvolver no Castro de Montealegre de Domaio e, especialmente, os condicionantes establecidos para que a Axencia Galega de Infraestruturas poida levar adiante as obras previstas de desdoblamento do Corredor do Morrazo.

Segundo: que se indique que medios de control e supervisión da Dirección Xeral de Patrimonio, materiais e humanos, se están exercendo sobre a actuación en curso.

Terceiro: que se leve a cabo un estudio profundo do Castro, ampliando ao máximo a zona de análise e escavación, co único fin de catalogar e protexer tan valioso ben.

Cuarto: que se manteña intacta a estrutura das construcións castrexas e que se dote ao complexo dun aula de interpretación do castro.

Quinto: que se aplique o rigor e a esixencia que cabe agardar do organismo que ten por finalidade velar polo mantemento e conservación do noso patrimonio, especialmente cando se trata de protexer un ben cuns valores históricos, artísticos e etnolóxicos tan importantes como os do Castro de Montealegre.

Estas son as razóns que levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:22
Nº Rexistro: 3724
Data envío: 19/01/2017 10:22:32.917

1.- Cales son as razóns de que non se desviase o trazado do Corredor cara o norte, tal como reclamou a Corporación e diversos colectivos sociais para salvar a afección ao Castro de Montealegre? Porque non se fixo co desdoblamento?

2.- Xa se lle deu resposta a Moción aprobada pola Corporación Municipal de Moaña? En que termos? Van levar a cabo a ampliación da zona de análise e escavación, e van estudar, catalogar e protexer todo o Castro?

3.- Van comprometer a dotación dunha aula de interpretación do Castro?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2017 10:16:46



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:22
Nº Rexistro: 3724
Data envío: 19/01/2017 10:22:32.917

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2017 10:17:00

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2017 10:17:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/01/2017 10:17:06

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2017 10:17:11

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2017 10:17:19

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 09.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 09.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.1 2175(10/PNC-000227)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para a prestación do servizo de orientación escolar no Colexio de Educación Infantil e Primaria de Escarabote, en Boiro, segundo a normativa vixente

Publicación da iniciativa, 32, 21.12.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2016 13:50
Nº Rexistro: 2175
Data envío: 09/12/2016 13:50:59.746



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4.ª**, sobre o desatendido servizo de orientación escolar no CEIP de Escarabote.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Resolución do Consello Europeo de 2004 sobre o fortalecemento das políticas, sistemas e prácticas en materia de orientación permanente en Europa reiteraba como prioritario o *"desenvolvemento duns servizos de orientación para todas as persoas europeas, accesibles en todas as etapas das súas vidas, que as capaciten para xestionar as súas traxectorias de aprendizaxe e de traballo e a transición entre unha fase e outra"*.

A LOMCE, sen embargo, foi reducindo a súa importancia, de xeito que a relevancia da orientación queda como unha sorte de principio xeral: "a titoría e a orientación educativa e profesional terán unha especial consideración". Unha especial consideración que non está tendo o goberno da Xunta en numerosos centros do país nos que cada vez minguan máis as horas nas que dispoñen dos profesionais acaídos..

Un exemplo é o do CEIP de Escarabote, que tendo en conta o seu número de matrícula, debería ter dúas horas diarias de orientación que a Consellería está incumprindo. Aínda que en xuño as persoas responsables se comprometeron a dar unha solución antes de que se iniciara o curso escolar poñendo un servizo de orientación con base no CEIP de Cespón e compartido co CEIP de



Escarabote. Sen embargo, dende que se iniciou o curso escolar a profesional que asignou a Consellería presta servizo en tres centros ó mesmo tempo: o CEIP de Cespón, CEIP de Abanqueiro e CEIP de Escarabote, de xeito que non se cumpren as dúas horas diarias asignadas.

Este incumprimento afecta, especialmente, a aquelas persoas que teñen maiores dificultades de aprendizaxe, tal e como ben denunciando a ANPA e o profesorado do centro de Escarabote.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI, para o seu debate na Comisión 4.^a

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para que a Consellería de Educación cumpra coa súa obriga de prestar o servizo de orientación no Centro de Escarabote conforme á normativa vixente, tal e como se comprometera en Xuño.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/12/2016 13:26:27

Luca Chao Pérez na data 09/12/2016 13:26:39

Luis Villares Naveira na data 09/12/2016 13:26:56